

BASES REGULADORAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADULTOS Tempada 23/24

Artigo 1. Obxecto de aplicación.

Convocatoria pública pola que se ofertan prazas para as actividades deportivas das Escolas Deportivas Municipais (EDM) de persoas adultas para a tempada 2023-2024.

As publicacións relativas a esta convocatoria faranse públicas na páxina web do Concello.

Poderase obter máis información no teléfono de información 982124002.

Artigo 2. Persoas destinatarias.

Poderán inscribirse as persoas que polo menos teñan cumprido os 16 anos a decembro do 2023.

Artigo 3. Calendario.

As actividades deportivas darán comezo o 2 de outubro do 2023 e rematarán o 31 de maio do 2024. Non se impartirán actividades cando os días de actividade das escolas deportivas coincida en días non laborais por mor das festividadeas declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días.

Artigo 4. Actividades deportivas ofertadas.

Impartiranse clases de Espalda Saudable, Ximnasia de mantemento, loga, Zumba e GAP, de 1h de duración. Para cada clase ofértanse 16 prazas máximo, e esíxese un mínimo de 5 persoas inscritas para que se leven a cabo.

Artigo 5. Horarios e lugares das actividades.

Ofértanse 12 clases semanais nos seguintes lugares e horario:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:30	Ximnasia (San Miguel)		Ximnasia (San Miguel)		Espalda saudable (San Miguel)
17:00	Ximnasia (San Cosme)		Ximnasia (San Cosme)	loga (San Miguel)	
18:30	loga (San Cosme)		loga (San Miguel)		
19:00		GAP (San Cosme)			
20:00		Zumba (San Cosme)	loga (San Cosme)	Espalda saudable (San Cosme)	

Artigo 6. Inscripcións.

Para inscribirse deberase achegar o formulario de inscrición debidamente cuberto e asinado, no rexistro presencial do Concello de Barreiros ou pola sede electrónica do Concello de Barreiros, na sede deberase cubrir a instancia xeral e achegar o formulario de inscrición para que teña validez.

O prazo para inscribirse estará aberto dende a publicación destas bases ata cubrir as prazas ofertadas.

As prazas ofertadas serán outorgadas por orde estrito de rexistro, quedando inscritas as 16 primeiras persoas en cada clase. O resto das persoas inscritas á clase pasarán a formar parte da súa lista de agarda. No caso, de quedar prazas dispoñibles avisarase telefonicamente pola orde que corresponda.

No caso de que nalgunha das clases nas que se está inscrito/a non se cubra o mínimo de prazas esixibles para ser ofertada, daráselles a posibilidade de asistir a outra clase que teña prazas dispoñibles.

Artigo 7. Taxas

Unha clase á semana 15€/mes

Po r cada clase a maiores semanal 10€ máis ao mes.

Artigo 8. Formalización de baixas.

Cando unha persoa desexe cursar baixa nalgunha das actividades nas que está inscrita, deberá presentar asúa solicitude de baixa **por escrito no Rexistro do Concello** a través do formulario que alí se lle proporcione ou a través da Sede Electrónica do Concello. A baixa terá efectos no mes natural seguinte á comunicación da baixa presentada, isto suporá a suspensión dos cargos bancarios correspondentes a partir do mes natural seguinte á data de comunicación.